

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013326	IES Lois Peña Novo	Vilalba	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	3
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	3
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	4
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	4
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	5
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	5
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	6
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	6
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	6
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	6
o) Outros apartados	6

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES Lois Peña Novo oferta o bacharelato para persoas adultas na modalidade semipresencial, combinando sesións lectivas presenciais con medios telemáticos para o proceso de ensino-aprendizaxe, e con probas presenciais que permitan ao profesorado avaliar a adquisición, por parte do alumnado, dos criterios de cualificación de cada materia, especialmente no referente ao grao mínimo de consecución para a superación da materia especificado nas respectivas programacións didácticas.

Dado o contexto destas ensinanzas e o perfil do alumnado, e tendo en conta que parte da comunicación faise empregando medios telemáticos (mensaxería electrónica e foros), un dos obxectivos xerais da etapa que se traballa dun xeito máis global é Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

O resto de obxectivos procurarase que sexan adquiridos polo alumnado a través da súa vinculación cos obxectivos específicos definidos no currículo de cada unha das materias.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A adquisición das competencias clave definidas para esta etapa serán adquiridas polo alumnado a través dos obxectivos que figuran no currículo de cada unha das materias.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Procurarase o principio da autosuficiencia, colaboración e autoaprendizaxe. Deste xeito, darase prioridade á comunicación do alumnado a través dos foros de cada materia, deixando as mensaxes directas ao profesorado para a resolución de tarefas individuais, ou a consulta de dúbidas de índole persoal.

Promoverase a participación de todo o alumnado na resolución das dúbidas que se formulen, favorecendo a posta en común das opinións individuais sobre os temas propios da materia e aqueles propostos polo profesorado.

A orientación educativa desenvolverase tanto de xeito xeral como de xeito individual, mediante contacto directo co alumnado, co obxectivo de dar solucións ás necesidades específicas de cada persoa, establecendo as medidas organizativas e metodolóxicas precisas de atención á diversidade, tendo en conta as limitacións propias da etapa, da metodoloxía de ensino, e da modalidade.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

Co fin de desenvolver a competencia en comunicación lingüística e favorecer a formación integral do alumnado, o centro incorporará de maneira transversal un tempo destinado á lectura e á práctica da oratoria, de acordo cos principios pedagóxicos establecidos para a etapa do Bacharelato. O tempo de lectura orientarase á mellora da comprensión lectora, á interpretación crítica de textos e á adquisición de hábitos de lectura reflexiva, empregando materiais relacionados cos contidos das distintas materias e outros de interese formativo xeral. A práctica da oratoria terá como finalidade mellorar a expresión oral, a claridade expositiva e a capacidade de argumentación do alumnado. Para iso, promoveranse actividades que impliquen intervencións orais nas sesións presenciais, así como a participación activa nos foros e noutras ferramentas de comunicación propias da modalidade semipresencial. Estas actuacións desenvolveranse de forma flexible e adaptada ás características do bacharelato para persoas adultas, integrándose nas programacións didácticas das distintas materias, de acordo cos criterios metodolóxicos e organizativos do centro.

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

O tempo destinado á lectura virá, entre outras metodoloxías que dispoña o profesorado, da man da "Hora de Ler", enmarcada dentro do Plan Anual da Biblioteca. Esta proposta recolle 20 minutos de lectura diarios que irán en correlación coas distintas semanas lectivas. Así, na 1ª semana proposta, a Hora de Ler desenvolverase na 1ª hora lectiva; na 2ª semana, lerase na 2ª hora lectiva e na 3ª semana, a lectura terá lugar na 3ª hora lectiva. Cómpre ter en conta que, neste bacharelato semipresencial, quitadas as horas de orientación, quedarían 3 horas lectivas cada día que se corresponderían, xa que logo, con 3 semanas respectivas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No Bacharelato a metodoloxía do proceso de ensino-aprendizaxe basearase nos seguintes elementos:

- A utilización dos materiais elaborados especificamente para estas ensinanzas polo profesorado que serán postos a disposición do alumnado na respectiva aula virtual.
- A realización dunha sesión lectiva obrigatoria para cada materia, que terá como obxectivo afianzar os puntos principais de cada unidade.
- A realización de sesións non obrigatorias quincenais de orientacións para cada materia, que terán como obxectivo afianzar os puntos principais de cada unidade.
- A publicación de tarefas propostas, que permitan autoavaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado.
- A utilización dos foros como mecanismo auxiliar de comunicación co alumnado para a resolución de dúbidas e a expresión de opinións relacionadas coa materia.
- A comunicación directa do alumnado co profesorado de cada materia.

O alumnado poderá presentarse a unha proba presencial por cada materia e avaliación, que se baseará nos criterios e contidos referidos na programación didáctica respectiva, así como a unha proba final na que será posible recuperar aquelas avaliacións non superadas previamente. O alumnado que se presente a estas probas presenciais deberá identificarse cun documento oficial (DNI, NIE, pasaporte, ou equivalente).

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Empregaranse os materiais e recursos elaborados especificamente polo profesor ou profesora responsable de cada materia.

Todos os materiais e recursos didácticos necesarios serán postos a disposición do alumnado de cada materia a través da respectiva aula virtual.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Co obxectivo de dar respostas ás necesidades dun alumnado con inquiredanzas e obxectivos moi diversos, que en moitos casos chega ao bacharelato para persoas adultas despois de cursar un ou máis anos no bacharelato ordinario, o desexo do IES Lois Peña Novo é ter unha oferta, dentro desta etapa, o máis ampla posible, sempre en función das posibilidades do centro.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Dadas as características específicas desta modalidade de ensino, promoveranse tanto actividades que se poidan levar a cabo de xeito telemático, como actividades que se poidan realizar nas sesións presenciais.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

No bacharelato para persoas adultas non existe o concepto de materia pendente.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

No bacharelato para persoas adultas non existe o concepto de alumnado repetidor.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación no bacharelato para persoas adultas en modalidade semipresencial terá carácter continuo, formativo e integrador, cun enfoque competencial e baseado en evidencias, e desenvolverase conforme á normativa vixente e ás instrucións anuais aplicables.

Criterios xerais de avaliación do centro:

- Os criterios de avaliación de cada materia serán públicos e accesibles para o alumnado na aula virtual desde o inicio de curso.
- Empregarase unha combinación de instrumentos (tarefas, actividades, probas presenciais e outras evidencias) segundo determine a programación didáctica, garantindo coherencia cos criterios de avaliación e suficiencia de evidencias.
- O alumnado poderá solicitar revisión das cualificacións e, se procede, reclamación, conforme ao procedemento vixente e aos prazos comunicados no calendario de avaliacións do centro.

No Artigo 12 da ORDE do 20 de xullo de 2009 sobre o bacharelato dise que de acordo co establecido no Artigo 16 do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, os alumnos e alumnas que acaden avaliación positiva en todas as materias de primeiro e segundo curso serán propostos para a expedición do título de bacharelato. Para obter o título de bacharelato, os alumnos deberán ter superado as materias comúns, seis materias propias de modalidade, tres de primeiro e tres de segundo, das cales cinco pertencerán á mesma modalidade, e dúas materias optativas, unha de cada curso.

A ORDE do 25 de xaneiro de 2022, no Artigo 15, di que excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación. O abandono dunha materia é un proceso intencional no que o alumno é consciente e responsable de actitudes negativas mantidas no tempo como a falta de estudo ou esforzo ou a falta de asistencia reiterada ás actividades lectivas.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco.

A ORDE do 25 de xaneiro de 2022, no Artigo 16, di que o alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel pola superación das materias troncais xerais e a propia de modalidade de primeiro e segundo cursos, e Lingua Galega e Literatura I e II, e analogamente o alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño e o alumnado que supere as ensinanzas profesionais de Música ou de Danza. Nestes casos, as notas medias calcularanse segundo se establece na orde.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Segundo o Artigo 18 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022:

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.
2. A obtención da matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:
 - a) Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que se concederán as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 2º curso de bacharelato.
 - b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
 - c) De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no segundo curso.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Para a elaboración e o seguimento, seguiranse as instrucións publicadas pola Consellería, así como as indicacións do servizo de Inspección Educativa. Unha vez elaboradas, as programacións serán postas a disposición do alumnado.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A dirección valorará, tendo en conta as propostas recibidas por parte da comunidade educativa, a participación naqueles proxectos, plans e programas que se consideren axeitados en relación cos obxectivos do centro.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

As achegas para modificación da concreción curricular serán propostas, a través das Xefaturas de Departamento, na Comisión de Coordinación Pedagóxica. De haber acordo, darase traslado destas ao Claustro como proposta que poderá ser debatida e, de ser aprobada, incluírase na Programación Xeral Anual xunto ao resto de modificacións ao Proxecto Educativo de Centro.

o) Outros apartados

1.

Non se considera necesario engadir máis apartados.